

DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

- ANEXO I debidamente cuberto.

- DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA:

Para o alumnado de EP e ESO

- a) **Anexo II** para a comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar. No caso de que a persoa solicitante e/ou os membros computables **se opoñan a esta consulta**, deberán indicalo no cadro correspondente, ademais de achegar os documentos xustificativos:
- DNI ou NIE
 - Declaración do imposto sobre as persoas físicas ou, á falta deste, o certificado tributación de imputacións no exercicio 2018.
 - Certificado do grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia
 - Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%)
- b) Se o solicitante posúe DNI ou NIE:
- Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
 - En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

Excepcionalmente, no caso de que o solicitante careza de DNI ou NIE, poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:

- Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
- Certificado ou volante de convivencia.
- Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo 4.1 desta orde, achegarase un certificado ou volante de convivencia no que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

- c) Certificado acreditativo do **grao de discapacidade**, se fose o caso, recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- d) **Violencia de xénero**: Acreditarase en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- e) Resolución xudicial de **incapitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada, no caso que corresponda.
- f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores para o **alumnado en titución de tutela ou garda da Xunta de Galicia**.
- g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano

equivalente do concello onde resida a familia, **no caso de que o pai e a nai ou o titor e titores carezan de DNI e NIE.**

En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro do 2018, agás no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.

ALUMNADO CON DISCAPACIDADE \geq 65% QUE NON EMPREGUE LIBROS

O alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, matriculado 3º, 4º, 5º e 6º de EP ou 1º, 2º 3º e 4º da ESO, incluído aquel que participa no proxecto E-DIXGAL, cando a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario en ningún curso, recibirá un vale para libros e outro para material escolar con independencia do nivel de renda:

Discapacidade \geq 65% que non empregue os libros de texto do fondo ou o material dixital (E-DIXGAL)	
Libros	Material
275 €	50 €

ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP e 1º, 2º 3º e 4º da ESO, cando a xuízo do centro docente, non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso no que estea matriculado e non existan libros adecuados no fondo solidario en ningún curso, recibirá un vale para libros e outro para material escolar, en función do nivel de renda (agás o alumnado en garda ou tutela da Xunta de Galicia para o que non se terá en conta o nivel de renda):

Alumando con NEAE que non empregue os libros de texto do fondo ou o material dixital (E-DIXGAL)					
Cursos	\leq 6.000€	$>$ 6.000 e \leq 10.000€	\leq 6.000€	En garda/tutela Xunta	
	Libros	Libros	Material	Libros	Material
3º, 4º, 5º e 6º EP	210€	140€	50€	210€	50€
1º, 2º, 3º e 4º ESO	240€	160€		240€	

Esta situación deberá acreditarse cun informe do centro onde se xustifique a necesidade de adquirir o material indicado para o alumno e a imposibilidade de empregar os libros de texto do fondo solidario de calquera curso, que debe quedar arquivado xunto coa solicitude.